

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

### **2º ESO MATERIA: INGLÉS**

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

-O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

-O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

-O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

#### **PRODUCCIÓN ESCRITA E COMPRENSIÓN ESCRITA:30%**

-Instrumentos de avaliación: Probas escritas con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

-Instrumentos de avaliación: Rúbricas / guía de corrección.

#### **COMPRENSIÓN ORAL 10%**

-Instrumentos de avaliación: Probas escritas con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

#### **USE OF ENGLISH: 40%**

-Instrumentos de avaliación: Probas escritas con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de completar, preguntas de relacionar, preguntas de expresión escrita e planificación de oracións para difundir ideas ou mensaxes, exercicios de completar textos inferindo os significados, traducción.

#### **PRODUCCIÓN ORAL: 10%**

-Instrumentos de avaliación: Rúbricas/ guía de corrección.

#### **TAREFAS E TRABALLO DIARIO: 10%**

-Instrumentos de avaliación: Rúbricas. Observación directa.

-**No segundo trimestre** haberá unha proba escrita sobre **o libro de lectura obrigatorio**, que estará valorado no apartado de comprensión escrita (reading) cun valor dun**15%**. Os alumnos ACI non terán libro de lectura.

-A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

- A materia de inglés é de avaliación contínua. Iso significa que cada avaliación incluírá toda a materia dada anteriormente, facendo fincapé nos contidos propios de cada trimestre. Polo tanto, non se realizarán probas de recuperación ao longo do curso, dita recuperación irá implícita en cada nova proba de avaliación.

Unha cualificación negativa no primeiro trimestre ou no segundo trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Para o cálculo final da nota, terase en conta o peso de cada avaliación (20%,30%,50%).

#### **Alumnado coa materia suspensa ao remate da 3ª avaliación.**

Para o alumnado que non teña aprobado o curso tras facer a media ponderada das tres avaliacións, haberá unha **derradeira proba de recuperación global a modo de recuperación da 3ª avaliación**, que será ponderada para a nota final segundo os porcentaxes das diferentes avaliacións. A devandita proba constará unicamente dos seguintes apartados:

USE OF ENGLISH (grammar and vocabulary)

COMPRENSIÓN ESCRITA (Reading) E PRODUCCIÓN ESCRITA (Writing)

O alumnado terá que chegar a unha **nota mínima de 5 nesa proba derradeira** para poder aprobar a materia de Inglés.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON ACIS**

Os alumnos con NEAEs serán avaliados do material de adaptación correspondente, seguindo sempre o tipo de exercicios practicados na clase.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

### **10% TAREFAS NA CASA E NA CLASE.**

O alumno deberá amosar unha conduta axeitada en todo momento, respetuosa cara a materia, os compañeiros e o/a profesor(a). A puntualidade, a entrega das tarefas diarias en prazo e forma, a presentación do material de traballo (libro, fichas e caderno) e o interese amosado pola lingua estranxeira a través do seu traballo serán os factores a ter en conta neste apartado.

**10% CADERNO DE TRABALLO DE INGLÉS.** O alumno deberá levar un caderno de traballo para a materia na que se recollerán e organizarán todos os contidos e os exercicios feitos a diario. Orde, organización e limpeza serán tidos en conta neste apartado.

**80% PROBAS OBXECTIVAS.** O alumno realizará varias probas escritas cada trimestre. As probas estarán extraídas do seu libro, das fichas, ou do seu caderno de inglés. En caso de suspender as probas poderanse recuperar na seguinte avaliación. Aínda que a avaliación é continua na materia de Inglés, en cada avaliación farase fincapé nos contidos específicos de cada trimestre.

A materia de inglés é de avaliación continua. Iso significa que cada avaliación incluírá toda a materia dada anteriormente, facendo fincapé nos contidos propios de cada trimestre. Polo tanto, non se realizarán probas de recuperación ao longo do curso, dita recuperación irá implícita en cada nova proba de avaliación. Terase en conta para a nota final as ponderacións das diferentes avaliacións (20%,30%,50%).